EXPEDIENTE 2025/G010/000013. PLENO SESIÓN ORDINARIA 11 DE SETEMBRO DE 2025.

ACTA Nº 2025/14

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

Lugar: Salón de Plenos da Casa do Concello de Touro

Data: xoves 11 de setembro de 2025

Hora de comezo: 21.04 horas

Hora de remate: 22.10 horas

PRESIDE:

JESUS JOSE REBOREDO GONZALEZ (alcalde-presidente)

ASISTEN:

Concelleiros

Partido Popular (PP)
REBECA MARÍA CODESIDO BARREIRO
ALFREDO SOUTO CASTELO
ISOLINA SUAREZ MILLAN
MARÍA DEL CARMEN CARREIRA TOJO

Movemento Veciñal de Touro (pMVdeT)
ROBERTO CASTRO ROCAMONDE
JOSE LUIS RAMOS BARREIRO
EMMA BLANCO LOIS

Partido Galego (PG)
JESUS MARTINEZ PEREIRA

Bloque Nacionalista Galego (BNG)
XOÁN ANTÓN LOUZAO RODRÍGUEZ

Concelleiro non adscrito
DARÍO REY SUAREZ

Outras asistencias:

JOSÉ LÓPEZ GONZÁLEZ, Secretario-Interventor.

Constitúese o Pleno da Excelentísima Corporación en sesión extraordinaria conforme á convocatoria e segundo a orde do día que se remitiu aos concelleiros coa antelación legalmente requirida.

A continuación procédese a tratar os asuntos establecidos na orde do día.

I PARTE RESOLUTORIA

1. EXPEDIENTE 2025/A008/000035. POS ADICIONAL 2/2025 para investimentos finaceiramente sostibles. Aprobación da solicitude de participación.

2. EXPEDIENTE 2025/E005/000008. Solicitude de compatibilidade para o exercicio de actividade privada. Nieves González Mujico. Proposta de concesión.

3. EXPEDIENTE 2025/T002/000017. Modificación de créditos primeira baixo a modalidade de suplemento de crédito. Aprobación.

II PARTE DE CONTROL

4 EXPEDIENTE 2025/G006/000243. Decretos da Alcaldía ditados entre o 7 de xullo e o 7 de setembro de 2025. Toma de razón.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 0PdohHQt7Ssg29X1yT5a Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

5 EXPEDIENTE 2024/Q002/000002. Procedemento ordinario 99/2024. Recurso fronte á desestimación por silencio do recurso de reposición interposto pola expulsión e celebración plenaria celebrada o 9 de novembro de 2023. Dación de conta Sentencia 00127/2025 do Xulgado Contencioso Administrativo nº 1 de A Coruña.

6 Mocións.

6.1. Moción do Grupo Municipal do BNG para a defensa do sistema público de atención á dependencia e a mellora do servizo de axuda no fogar (SAF).

7 Rogos e preguntas.

De seguindo trátanse

I PARTE DE ADOPCIÓN DE ACORDOS

1. EXPEDIENTE 2025/A008/000035. POS ADICIONAL 2/2025 PARA INVESTIMENTOS FINACEIRAMENTE SOSTIBLES. APROBACIÓN DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN.

Consta no expediente a seguinte proposta de alcaldía, dictaminada favorablemente pola Comisión de asuntos xerais celebrada o 8 de setembro de 2025, que foi obxecto de explicación por parte do Sr. Alcalde no que consta:

EXPEDIENTE 2025/A008/000035. Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+Adicional 2/2025". Aprobación da solicitude de participación.

ANTECEDENTES

1. O 03/12/2024 o Pleno da Deputación da Coruña aprobou as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS+ 2025 (BOP núm. 233 do 03/12/2024).

2. O 30/05/2025 o Pleno da Deputación da Coruña aprobou consignouse unha achega provincial por importe de 30.000.000,00 € destinada ao financiamento do POS+Adicional 2/2025 que, pola procedencia dos fondos provinciais, está unicamente destinado á realización de investimentos financeiramente sostibles.

3. Circular sobre a elaboración do POS+ADICIONAL 2/2025 para investimentos financeiramente sostibles e gasto corrente por maior achega desta Deputación onde consta:

O importe da achega provincial asignada a ese concello no POS+Adicional 2/2025 é o que figura na seguinte táboa, aclarando que ambas cantidades poderán sumarse para o financiamento de investimentos financeiramente sostibles:

CONCELLO	*REINVESTIMENTO*	*REPARTO CRITERIOS POS*	*TOTAL*
Touro	*20.195,49*	*250.026,04*	*270.221,53*

4. O prazo de presentación da solicitude de participación remata o 12.09.2025 ás 15:00 horas.

5. O 04/09/2025 achéganse ao Concello de Touro os proxectos técnicos das obras coas que o concello participará no plan.

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS, XURÍDICAS E ECONÓMICAS

O POS+ 2025 configúrase como un plan provincial de investimentos locais, que elaborará a Deputación provincial tendo en conta os plans municipal que elabora o concello.

O artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local – LRBRL – e aos artigos 32 e 33 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, en relación co artigo 36.2 a) da LRBRL, establece que trátase dunha delegación de competencias municipais.

O artigo 27 da LRBRL, en relación co artigo 47.2 h) daquela, a competencia para aprobar as

CVD: 0PdohHQt7Ssg29X1yT5a Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

delegacións de competencias correspóndelle ao Pleno do Concello e que dita o acordo terá que adoptarse por maioría absoluta do número legal de membros da corporación.

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO. Participar na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ ADICIONAL 2/2025" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

A) Financiamento de gastos correntes:

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados no 2025, distintos dos solicitados, de ser o caso, no POS+ 2025 base ou POS+Adicional 3/2025	

B) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles non solicitados na 1ª fase do POS+Adicional 2/2025:

Investimentos financeiramente sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025 e NON solicitados na 1ª fase do POS+ Adicional 2/2025	Financiamento dos investimentos				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible	Total Concello	
TOTAL					

Investimentos financeiramente sostibles novos NON incluídos no Plan Complementario ao POS + 2025	Financiamento dos investimentos				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
Proxecto de mellora de camiños rurais	227.260,09 €				227.260,09 €
Proxecto de mellora pista Vilanova – Loureda – Louradela.	42.961,44 €	25.585,26 €		25.585,26 €	68.546,70 €
TOTAL	**270.221,53 €**	**25.585,26 €**		**25.585,26 €**	**295.806,79 €**

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025 e que se relacionan nesta táboa.

C) Resumo de financiamento:

POS+ ADICIONAL 2/2024 2ª FASE	Financiamento dos investimentos				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa	Total Concello	

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 0PdohHQt7Ssg29X1yT5a Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

			deducible nos abastecem. auga potable)		
Gastos correntes do 2025 distintos dos solicitados no Pla Base. (Só cando proceda)					
Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025 non solicitados na 1ª fase do POS+Adicional 2/2025					
Investimentos novos non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025	270.221,53 €	25.585,26 €		25.585,26 €	295.806,79 €
TOTAL	**270.221,53 €**	**25.585,26 €**		**25.585,26 €**	**295.806,79 €**

SEGUNDO. Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

TERCEIRO. Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade 2025, se a houbera.

CUARTO. Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

QUINTO. Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

SEXTO. Autorizase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

SÉTIMO. Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Explica que no proxecto de camiños rurais, inclúense as seguintes actuacións:

- Pavimentación da metade da Ponte Remesquide, o tramo que faltaba que había sido obxecto de discusión e polémica, pero parecíanos de urxencia deixala nas mesmas condicións que estaba a outra parte da ponte, non se fai unha actuación distinta a que fixo Vila de Cruces.

- Acceso campo fútbol de Loxo.

- Acceso ao lavadero a Muiña, pavimentación con cemento coloreado para que encaixe co entorno natura da zona

- Pista Cruz de Méndez cara a piscina ata Tribás en aglomerado.

- Pista Quintás Prevediños - cruce Granxa

- Pista A Gordela – Turces, habiase planteado unha parte de titularidade privada e paviméntase o camiño público.

- Acceso interior Cillobre

- Camiño Obra

- Pista en Grixó ata o limite de Boqueixón

Os detalles parciales están no proxecto a disposición da xente.

Este plan adicional, acordarase nunha comisión informativa celebrada o 30 de xuño destinalo integramente a melloras de abastecemento municipal, a proposta do Grupo Popular, propoñíase a substitución do bombeo e a tubería de impulsión, por circunstancias que descoñecemos, os proxectos foron encargados pola alcaldía o día 24 de xullo, descoñecemos os motivos do retraso. A raíz diso contactamos coa empresa e dinnos que non teñen os proxectos elaborados, materialmente imposibles facelos no mes de agosto, optamos pola elaboración dos proxectos que era posible realizar antes do 5 de setembro, esa é razón polo que non se destina o POS é mellora do

CVD: 0PdohHQt7Ssg29X1yT5a Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

abastecemento de auga, pero como é un tema fundamental imos facer esas obras con cargo ao Remanente de Tesouraría que ademais permitirannos axilizar a contratación, ten unha tramitación moito máis áxil e estar executadas a principios da primavera do ano que ven.

O voceiro de MVXT, Sr. Roberto Castro, tal e como lle adiantamos no pleno da moción de censura, Movemento Veciñal na oposición non é como o PP na oposición, vai sempre apoiar todo investimento que veña para o Concello e para os veciños e veciñas polo que vai a votar a favor deste Plan de obras. Para contextualizar hai obras que se inclúen neste plan que a día de hoxe poderían estar en execución, porque algunhas destas obras estaban incluídas nese plan en xaneiro de 2025 que o goberno actual naquel momento votou en contra, e votou en contra tamén do arranxo da piscina, e despois en xuño había unha proposta para o seu arranxo, se non votaran en contra estrían ese plan aprobado e as obras en execución. Pretende vender como unha boa xestión que esas obras que podían ser financiadas con recursos procedentes doutras administracións di agora que van ser financiadas con recursos propios, evidentemente discrepamos dese modo de xestión.

Respecto desa obra de abastecemento de auga sorpréndeme que a empresa redactora dos proxectos diga que non lle da tempo de redactar unha obra moi simple, lineal continua que é unha condución e un bombeo cando xa tiña unha memoria preliminar da empresa concesionaria da auga, estaba adiantado incluso co director xeral da AXI o paso a través da estrada AC-240.

Este plan foi modificado dende a semana pasada ata onte pola tarde varias veces consecuencia de que nos quixeron meter neste plan unha actuación nunha propiedade privada, quixeron pavimentar un acceso privado, ante a evidencia recuaron e o que se vai pavimentar coo non cabe doutro xeito con diñeiro público un viario público. Veume a mente como neste concello se pavimentaron camiños privados, eiras e actuacións en propiedades privadas, polo que deben tomar nota desa rectificación e que non volva a suceder.

O voceiro do BNG, Sr. Louzao di que na Comisión do luns preguntou a razón de porque non se levou término o acordo adoptado de destinar este Plan ao tema do subministro de auga, que ten unha urxencia grande. A min dame igual que se pasen a pelota de quen a culpa, incluso propuxera a idea de arranxar a piscina e con bo criterio aceptei a proposta do PP porque o máis urxente e arranxar o problema da auga, aínda que arranxar a piscina tamén é arranxar o problema da auga coas perdas e fugas que ten, e sería mellor meter ese proxecto neste plan. É o único pero que lle podo poñer, pero aínda así non nos imos opoñer.

O sr. alcalde di que respondendo a intervención de Movemento Veciñal, en política case todo ten matices, pero hai un feito determinante 30 de xuño comisión informativa acordo para destinar os fondos do POS ao tema da auga, 24 de xullo petición do proxecto, explíquenos porque eses vinte e catro días de retraso, sendo 25 festivo, 26 sábado, 27 domingo. O 28 luns curiosamente anunciamos nos a presentación da moción de censura, non sei porque se me da relacionar unha cousa coa outra.

En canto que as obras xa as propuxeran vostedes, non é certo e o saben que non son as mesmas obras aínda que os títulos coinciden, esas obras foran proposta polo Grupo Popular e polo concelleiro Darío no pleno do 9 de xaneiro, a piscina, a obra de Vilanova a Louradela. Tamén terá que explicar vostede ou o exconcelleiro de obras porque esa obra da pista de Vilanova a Louredela, porque cambiaron o trazado que nos propoñiamos que é o evidente, non nos diga que é mesma obra. De autoría intelectual das obras non lle vou recoñecer ningunha.

En canto ao tema do bombeo e que se financie co POS, o que non ten explicación é que durante dous anos de lexislatura, con tres millóns de superávit, non destinaron un so euro a mellora do abastecemento municipal, da piscina municipal cando estaba perdendo máis de 60.000 litros diarios medidos por contador que xa os perdía no 23 e no 24. Non é de recibo, esas obras son urxentísimas e executar seguro antes das que se van financiar a través do POS e ademais para que queremos o remanente de tesouraría se non o adicamos a obras urxentes e a un servizo tan básico coma o abastecemento de auga. Aí teñen moitísimo que explicar vostedes, eu non abriría a piscina se me perde 60.000 litros de auga diarios. Deixaron dous días sen auga a medio municipio sen ningunha explicación; sexamos responsables, non nos queiran trasladar a nos a responsabilidade do que está

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 0PdohHQt7Ssg29X1yT5a Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

mal feito. Encontrámonos cunha situación de emerxencia que imos tratar de remediar a maior brevidade.

En canto ao que di o BNG, esa posición equidistante de repartir responsabilidades, vostede sabe perfectamente que non é a nosa responsabilidade, sabe que fomos os que propuxemos destinar os fondos a mellora do abastecemento de auga, porque hai que dicilo ese día 30 de xuño ningún deses outro grupos trouxo esa proposta e os días 26 e 27 de xuño foron os días do corte da auga, cada un se atribúa os méritos que lle corresponden. Estou explicándolle, que o 24 de xullo foi cando se fixo a solicitude do proxecto, creo que non son defendibles ese temas. Hai o noso compromiso de traer no pleno ordinario de outubro ese proxectos e parécenos politicamente un grandísimo acerto adicar parte do remanente na medida en que se poida empregalo en obras urxentes e servizos básicos.

eu vou pedir desculpas porque no pleno da moción de censura dixen que se ía a debater no primeiro punto da orde do día a pedir explicacións das afirmacións que se fixeron aquí tanto por parte do portavoz de Movemento Veciñal como do BNG. Asesorado polo sr. secretario non atopei a forma de encaixar ese tema na orde do día, con moi bo criterio dicía o sr. secretario que non lle corresponde ao goberno controlar a oposición. Traio esto a colocación porque defendía o alcalde anterior que nos habiamos dito en varias ocasións que non iamos aprobar expedientes de modificación de crédito para financiar os servizos de axuda no fogar, xa sabe que peor que as mentiras son as medias verdades, si que o dixemos pero omite vostede que condicionabamos iso a aprobación do orzamento municipal; se cumprira coa súa obriga de traer o orzamento a pleno, ao mellor xa non eran nin necesarios eses expedientes de modificación.

Alégrome de que apoien estas obras, pero esas xustificacións que dan de cara a veciñanza hai que ser un pouquiño responsables.

O voceiro de MVXT, Sr. Castro Rocamonde di que por alusións, nos en ningún momento nos consideramos inventores de nada e que lle agradezo que recoñeza agora unha vez que votaron en contra que ese plan incluía, vostede dixo copiar e o acepto, esas obras que vostedes propuxeron, aínda así votaron en contra porque o que pretendían e así o fixeron cuanto pero mellor, e privar aos veciños e veciñas deses recursos en tempo e forma no seu día, e eses recursos a raíz de que se presentou o plan por decreto e se pelexou, os recursos non están perdidos senón que vanse demorar e reinvestir no plan 26. Respecto dos prazo para encargar ese proxecto, vostede na Comisión dixo que no se lle encargara, agora ten unha data, e seguramente sería cando se lle enviou o croquis co trazado e o cruzamento coa AC-240 pero dúas semanas antes o técnico estivo reunido co técnico da concesionaria para abordar ese tema. A obra estaba encargada, se o que lle di a empresa redactar llo da por bo, nos non imos discutir.

Estamos de acordo e así o reiteramos no seu día, que os recursos son para dotar de bens e servizos á veciñanza non para xerar réditos nun banco que é un mal menor, cando un ten os fondos e preferible ter os fondo nun banco que da réditos e non nun banco que non da nada. Lémbrolle que vostedes, pequenas actuacións como a reforma en Brandelos con recursos propios votaron en contra. Nos non imos entrar nesa dinámica do non polo non, cando traian propostas de investimentos boas para o interés xeral imos votar a favor non teña ningunha dúbida.

O voceiro do BNG, Sr. Louzao di que a primeira proposta respecto deste Plan foi a do BNG de arranxar a piscina o cal arreglaba unha parte do problema da auga.

VOTACIÓNS

Procédese á votación da proposta de participación na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ ADICIONAL 2/2025” co contido referido, resultando aprobada pola unanimidade dos once Concelleiros que conforman a Corporación (5 PP, 3 pMVdeT, 1 PG, 1 BNG e o Concelleiro non adscrito.

2. EXPEDIENTE 2025/E005/000008. SOLICITUDE DE COMPATIBILIDADE PARA O EXERCICIO DE ACTIVIDADE PRIVADA. NIEVES GONZÁLEZ MUJICO. PROPOSTA DE CONCESIÓN.

Consta no expediente a seguinte proposta de alcaldía, dictaminada pola Comisión de asuntos xerais celebrada o 8 de setembro de 2025, que foi obxecto de explicación por parte do Sr. Alcalde no que consta:

CVD: 0PdohHQt7Ssg29X1yT5a Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

Visto o informe de secretaría-intervención emitido o 1 de setembro de 2025 co seguinte tenor literal:

ANTECEDENTES:

O 29 de agosto de 2025 ten entrada no rexistro do Concello escrito presentado por Dona Nieves González Mujico no que consta de xeito textual o seguinte:

"…/... De conformidad con lo establecido en la Ley 53/1984, de 26 de diciembre, de Incompatibilidades del Personal al Servicio de las Administraciones Públicas, por medio de la presente solicito la autorización de compatibilidad para el desempeño de una actividad profesional privada como psicóloga.

Dicha actividad se desarrollará fuera de mi jornada laboral como psicóloga y consistirá en la atención psicológica en consulta privada, sin relación ni interferencia con las funciones públicas que desempeño en este Ayuntamiento.

Declaro expresamente que:

- La actividad privada se realizará fuera del horario laboral establecido, no excediendo las horas semanales que marca la ley (máximo 17,5 horas semanales).

- No utilizaré Ayuntamiento medios, instalaciones, recursos ni información.

- No existe conflicto de intereses entre ambas actividades.

Solicito, por tanto, que se tramite el correspondiente expediente de compatibilidad, y que, si procede, se me conceda la autorización para el ejercicio de esta actividad privada.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Constitución Española 1978 (CE)

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).

- Real Decreto Lexislativo 5/2015 do 30 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP).

-Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas (LPI).

- Real Decreto 598/1985, do 30 de abril, sobre incompatibilidades do persoal ao servizo da Administración do Estado, da Seguridade Social e dos Entes, Organismos e Empresas dependentes (RD 598/1985).

De acordo con a citada normativa, emítese o seguinte **INFORME**

PRIMEIRO. O TREBEP no seu artigo 3.1 sinala que *"O persoal funcionario das entidades locais réxese pola lexislación estatal que resulte de aplicación, da que forma parte este Estatuto e pola lexislación das comunidades autónomas, con respecto á autonomía local."*

SEGUNDO. As incompatibilidades do persoal da Administración Pública aparecen reguladas na Lei 53/1984, do 26 de decembro de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións públicas (LIP).

O artigo 1.3 da LIP establece como criterio xeral que: *"En calquera caso, o desempeño dun posto de traballo polo persoal incluído no ámbito de aplicación desta Lei será incompatible co exercicio de calquera cargo, profesión ou actividade, público ou privado, que poida impedir ou menoscabar o estrito cumprimento dos seus deberes ou comprometer a súa imparcialidade ou independencia."* Criterio este que se desenvolve, concrétase e exceptúase nos artigos 11,12,13 e 16 da xa citada LIP.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 0PdohHQt7Ssg29X1yT5a Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

Atendendo ao artigo 2.1.c.: *"A presente Lei será de aplicación a: (...) c) O persoal ao servizo das Corporacións Locais e dos Organismos delas dependentes..."*.

TERCEIRO.- Debemos ter presente que a compatibilidade privada é un dereito do empregado público e sempre que se dean as circunstancias xerais establecidas na lexislación, é dicir que se se cumpren as limitacións, debe concederse a mesma.

Os requisitos para conceder esta compatibilidade serían que non se percibise complemento específico, ou concepto equiparable, nunha porcentaxe superior ao 30% da súa retribución básica, excluídos os conceptos que teñan a súa orixe na antigüidade (artigo 16.4 da LIP); que o posto laboral na empresa privada fose a tempo parcial se é a tempo completo na administración e que non houbese conflito de intereses, tal e como dispón o artigo 11.1 da LIP segundo o cal: *"De acordo co disposto no artigo 1ª.3 da presente Lei, o persoal comprendido no seu ámbito de aplicación non poderá exercer, por si ou mediante substitución, actividades privadas, incluídas as de carácter profesional, sexan por conta propia ou baixo a dependencia ou ao servizo de Entidades ou particulares que se relacionen directamente coas que desenvolva o Departamento, Organismo ou Entidade onde estivese destinado.";* en relación co artigo 12.1 do mesmo texto normativo, cuxo tenor literal establece que: *"En todo caso, o persoal comprendido no ámbito de aplicación desta Lei non poderá exercer as actividades seguintes: a) O desempeño de actividades privadas, incluídas as de carácter profesional, sexa por conta propia ou baixo a dependencia ou ao servizo de Entidades ou particulares, nos asuntos en que estea a intervir, interviñese nos dous últimos anos ou teña que intervir por razón do posto público.(...)".*

Engadindo ao anterior o apartado 2 do citado artigo 12 que "*as actividades privadas que correspondan a postos de traballo que requiran a presenza efectiva do interesado durante un horario igual ou superior á metade da xornada semanal ordinaria de traballo nas Administracións Públicas só poderán autorizarse cando a actividade pública sexa unha das enunciadas nesta Lei como de prestación a tempo parcial";* entendendo por xornada parcial aquela que non supere as 30 horas semanais, tal e como indica o artigo 14 do Real Decreto 598/1985.

CUARTO. Respecto diso cítase entre outras de interese a seguinte xurisprudencia,: "Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de 18 Decembro de 2002, Rec. 723/2002 *«A Lei 53/1984, do 26 de decembro (A LEI 2769/1984) de Incompatibilidades do Persoal ao servizo das Administracións Públicas, establece no seu artigo 1.3 o principio xeral da incompatibilidade do desempeño dun posto de traballo polo persoal incluído no seu ámbito de aplicación co exercicio de calquera cargo profesión ou actividade pública ou privada que poida impedir ou menoscabar o estrito cumprimento dos seus deberes ou comprometer a súa imparcialidade ou independencia; no mesmo sentido, o artigo 11.10 establece xa con referencia á compatibilidade con actividades privadas que:*

"de acordo con o disposto no artigo 1.3, da presente Lei, o persoal comprendido no seu ámbito de aplicación non poderá exercer, por si ou mediante substitución, actividades privadas, incluídas as de carácter profesional, sexan por conta propia ou baixo a dependencia ou ao servizo de Entidades ou particulares que se relacionen directamente coas que desenvolva o Departamento, organismo ou Entidade onde estivese destinado" e o Real Decreto 598/1985 (A LEI 1070/1985) que desenvolve a citada lei sinala no seu artigo 9 que: "de acordo con o disposto nos artigos 1.3, 11.1, da Lei 53/1984 (A LEI 2769/1984), non será posible o recoñecemento de compatibilidade con actividades privadas, incluídas as de carácter profesional, cuxo contido se relacione directamente cos asuntos sometidos a informe, decisión, axuda financeira ou control no Departamento, Organismo, Ente ou Empresa públicos aos que o interesado estea adscrito ou preste os seus servizos".

Na Exposición de Motivos da Lei razóase o respecto ao exercicio da actividade privada sempre que: *"non poidan impedir ou menoscabar o estrito cumprimento dos seus deberes ou comprometer a súa imparcialidade ou independencia".* Enténdese que devanditos principios poden quedar comprometidos cando o posto de traballo desempeñado no sector público dea lugar á percepción dun complemento específico determinado (artigo 16.1 e 2 da Lei), ou cando o exercicio da actividade privada esixa a presenza efectiva do interesado igual ou superior á xornada semanal de traballo na Administración Pública (artigo 12.2 da Lei) ou ben cando consista nalgunha das actividades mencionadas nos artigos 9 e 11 do Regulamento, que desenvolven o disposto no artigo 11.2 da Lei.

CVD: 0PdohHQt7Ssg29X1yT5a Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

En liña con eses principios xerais prevese a posibilidade de recoñecer a compatibilidade entre un posto de traballo no sector público e unha actividade privada, con carácter excepcional sempre que se cumpran determinados requisitos e non se vulneren os anteriores principios, o que ha de ser interpretado restrictivamente pola Administración cando se desenvolva xornada de traballo a tempo completo,tendo en conta os intereses xerais que se achan en xogo e a observancia do cumprimento dos seus deberes por parte dos funcionarios públicos, un dos cales é precisamente desempeñar o seu cargo con imparcialidade e independencia.

Cabe lembrar que, como declarou a sentenza do Tribunal Supremo do 28 de decembro de 1992, o espírito informador da Lei de Incompatibilidades 53/1984 (A LEI 2769/1984), reflectido na súa Exposición de Motivos, esixe dos servidores públicos un esforzo testemuñal de exemplaridade ante os cidadáns, constituíndo neste sentido un importante avance cara á solidariedade, a moralización da vida pública e a eficacia da Administración. A iso é de engadir que, como declarou a sentenza do Tribunal Constitucional 178/1989, do 2 de novembro (A LEI 1372-TC/1990), a incompatibilidade constitúe a regra xeral no sector público, sendo a compatibilidade a excepción a aquela, polo que fácil é colixir que dentro da discrecionalidade que á Administración corresponde encaixa plenamente a posibilidade de conceder ou non a compatibilidade postulada, sen que a denegación da mesma, cando aparece exhaustivamente razoada e motivada, poida ser tachada de arbitraria.

CONCLUSIÓNS

En conclusión, en virtude das consideracións xurídicas expostas e en base aos datos facilitados, entendemos que sería posible a compatibilidade solicitada debido a que se dan, por tanto, todas as circunstancias legalmente previstas para concederse a mesma, téndose en conta que:

PRIMEIRA. O complemento específico do traballador non supera ese 30% das retribucións básicas que establece o artigo 16.4 da LIP.

SEGUNDA. Que o posto laboral na empresa privada é de 17,5 horas semanais, segundo manifesta a empregada pública no seu escrito de solicitude de compatibilidade, e sendo que a súa xornada laboral na administración é a tempo completo non se aprecia que houbese conflito de intereses, tal como prevé o artigo 11.1. da LIP e non se vulnera o exercicio da actividade que esta traballadora desempeña no Concello.

Por todo iso haberá que estar ao disposto no terceiro e segundo parágrafo do art. 14 da LIP: "*Os recoñecementos de compatibilidade non poderán modificar a xornada de traballo e horario do interesado e quedarán automaticamente sen efecto en caso de cambio de posto no sector público.*

Quen se ache autorizados para o desempeño dun segundo posto ou actividade públicos deberán instar o recoñecemento de compatibilidade con ambos."

TERCEIRO. O órgano competente para o previo recoñecemento da compatibilidade, será o Pleno da Corporación Local, como se prevé no Art. 14 da LIP: *"O exercicio de actividades profesionais, laborais, mercantís ou industriais fose das Administracións Públicas requirirá o previo recoñecemento de compatibilidade.*
A resolución motivada recoñecendo a compatibilidade ou declarando a incompatibilidade, que se ditará no prazo de dous meses, corresponde ao Ministerio da Presidencia, a proposta do Subsecretario do Departamento correspondente; ao órgano competente da Comunidade Autónoma ou ao Pleno da Corporación Local, previo informe, no seu caso, dos Directores dos Organismos, Entes e Empresas públicas.

É canto procede informar, quedando supeditado a calquera outro mellor fundado en dereito e non obstante a Corporación con superior criterio fundado en dereito acordará o procedente."

Esta Alcaldía-Presidencia propón ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 0PdohHQt7Ssg29X1yT5a Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

PRIMEIRO. Estimar a solicitude de recoñecemento de compatibilidade para o exercicio dunha segunda actividade privada formulada pola funcionaria Dona Nieves González Mujico, en virtude e nos termos do informe emitido transcrito anteriormente, a cal non poderá modificar a xornada de traballo e horario da persoa interesada, e quedará automaticamente sen efecto en caso de cambio de posto de traballo no sector público e lembrándose a prohibición normativa do desempeño de actividades privadas, incluídas as de carácter profesional, nos asuntos en que estea a intervir, interviñese nos dous últimos anos ou teña que intervir por razón do posto público.

SEGUNDO. Notificar o presente acordo á persoa interesada para o seu coñecemento e efectos oportunos.

INTERVENCIÓNS

Non se producen.

VOTACIÓNS

Procédese a votación da proposta de aprobación do recoñecemento de compatibilidade para o exercicio dunha segunda actividade privada formulada pola funcionaria Dona Nieves González Mujico, resultando aprobada, por seis votos a favor (5 Concelleiros do PP e o Concelleiro do BNG) catro abstencións (3 Concelleiros de MVXT e o Concelleiro do PG) e o voto en contra do Concelleiro non adscrito Darío Rey; sendo once o número legal de membros da Corporación**.**

3. EXPEDIENTE 2025/T002/000017. MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS PRIMEIRA BAIXO A MODALIDADE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO. APROBACIÓN.

Consta no expediente a seguinte proposta de alcaldía, dictaminada pola Comisión de asuntos xerais celebrada o 8 de setembro de 2025, que foi obxecto de explicación por parte do Sr. Alcalde por importe de 225.000,00 € coa finalidade da facer fronte ao pago das facturas do SAF de tres meses últimos meses do exercicio por importe de 165.000,00 € e para o pago das facturas da auga que se estivo mercando para solventar o desabastecemento que houbo nos últimos meses pola seca e as limitacións que ten o abastecemento municipal para dotar de auga a toda a demanda que se produce no verán.

En relación co expediente relativo á aprobación de modificación de créditos núm. 2025/T002/000017 do orzamento en vigor, primeira na modalidade de suplemento de crédito, vistos os informes favorables de Secretaría-Intervención emitidos en data 4 de setembro de 2025.

Ao abeiro da Memoria que forma parte do expediente na que se fai constar o seguinte:

Ante a existencia de determinados gastos correntes en servizos públicos básicos como son o abastecemento de auga potable e a necesidade de subministro a través de cisternas de auga e as actuacións de protección e promoción social como é o servizo de axuda no fogar (SAF) polo incremento no custo do servizo derivado do contrato asinado o 19 de marzo de 2025, fai precisa a modificación de créditos de devandito Orzamento da Corporación baixo a modalidade de suplemento de crédito con cargo ao remanente líquido de tesouraría para gastos xerais.

As aplicacións que deben crearse no Orzamento municipal para facer fronte aos referidos gastos son as seguintes:

Altas en aplicacións de gastos:

Proxecto e Partida orzamentaria	Descrición	Importe modificación
Partida 161.22101	Servizos públicos básicos, benestar comunitario, abastecemento domiciliario de auga potable. Gastos correntes en bens e servizos, material, subministros e otros, auga.	60.000,00 €
Partida 231.212799	Servizo de axuda no fogar (SAF). Actuacións de protección e promoción social, servizos sociais e promoción social, acción social. Gastos correntes en bens e servizos, material, subministros e otros, otros traballos realizados por empresas e profesionais.	165.000,00 €

CVD: 0PdohHQt7Ssg29X1yT5a Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

2º. Financiación

Esta modificación finánciase con cargo ao remanente de tesouraría para gastos xerais, nos seguintes termos:

Concepto	Denominación	Importe modificación
87000	Activos financieiros, remanente de tesouraría para gastos xerais.	225.000,00 €

3. º Xustificación

O carácter específico e determinado dos gastos a realizar e a imposibilidade de demoralos a exercicios posteriores

A realización do expediente de modificación de crédito está xustificada:

a) O carácter específico e determinado do gasto a realizar e a imposibilidade de demoralo a exercicios posteriores por tratarse de finazamento de investimentos adxudicados.

b) A inexistencia no estado de gastos do Orzamento de crédito destinado a esa finalidade específica, que se verifica no nivel en que está establecida a vinculación xurídica.

O Alcalde-Presidente, propón ao Pleno da Corporación:

PRIMEIRO. Que se aprobe inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 2025/T002/000017 do orzamento en vigor, segundo baixo a modalidade de suplemento de crédito financiado con cargo ao remanente líquido de tesouraría para gastos xerais, por un importe total de 225.000,00 €.

Os importes aplicados aos diferentes destinos, con base no informe de Intervención, son:

Altas en aplicacións de gastos:

Proxecto e Partida orzamentaria	Descrición	Importe modificación
Partida 161.22101	Servizos públicos básicos, benestar comunitario, abastecemento domiciliario de auga potable. Gastos correntes en bens e servizos, material, subministros e otros, auga.	60.000,00 €
Partida 231.212799	Servizo de axuda no fogar (SAF). Actuacións de protección e promoción social, servizos sociais e promoción social, acción social. Gastos correntes en bens e servizos, material, subministros e otros, otros traballos realizados por empresas e profesionais.	165.000,00 €

Financiación

Concepto	Denominación	Importe modificación
87000	Activos financieiros, remanente de tesouraría para gastos xerais.	225.000,00 €

SEGUNDO. Expor este expediente ao público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas; e se aprobe a concertación da operación de préstamo e se proceda a súa adxudicación, que financia a citada modificación.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 0PdohHQt7Ssg29X1yT5a Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

TERCEIRO. O acordo de aprobación definitiva e o resumo por capítulos da modificación de créditos publicarase no Boletín Oficial da Provincia."

INTERVENCIÓNS

O voceiro de MVXT Roberto Castro di que o Sr. alcalde anunciou e reiterou nos últimos seis meses en varias ocasións que ía votar en contra de calquera modificación de crédito necesaria para o financiamento do servizo de axuda no fogar, nós tal como lle anunciamos no Pleno de Moción de censura votamos a favor desa incorporación de crédito para ese fin.

O Sr. alcalde di que non vai insistir no tema das modificación de crédito, pero o voceiro de Movemento omite que nos negabámonos votar a favor as modificación de crédito se non había presupuesto que é un tema importante.

VOTACIÓNS

Procédese a votación da proposta de aprobación da modificación de crédito, resultando aprobada pola unanimidade dos once Concelleiros que conforman a Corporación (5 PP, 3 pMVdeT, 1 PG, 1 BNG e o Concelleiro non adscrito.

II PARTE DE CONTROL

4 EXPEDIENTE 2025/G006/000243. DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS ENTRE O 7 DE XULLO E O 7 DE SETEMBRO DE 2025. TOMA DE RAZÓN.

ANTECEDENTES

Decretos da Alcaldía ditados entre o 7 de xullo e o 7 de setembro de 2025

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO. O Pleno do concello toma coñecemento sucinto dos Decretos da Alcaldía ditados entre o 7 de xullo e o 7 de setembro de 2025 (artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais):

Nº de Expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
2025/G003/000277	EXPEDIENTE 2025/G010/000010. Pleno sesión ordinaria 10 de xullo de 2025. Convocatoria.	273/2025	07-07-2025
2025/G003/000279	EXPEDIENTE 2025/T002/000013. Modificación de créditos: xeración de créditos por ingresos. POS ADICIONAL 3/2025 para a redución da débeda de 76 concellos coa Deputación pola utilización de préstamo provincial nos Plans 2015 a 2023	274/2025	08-07-2025
2025/G003/000278	EXPEDIENTE 2025/G003/000278. Asistencias por participacións en tribunais de selección.	275/2025	08-07-2025
2025/G003/000280	EXPEDIENTE 2025/G007/000008. Xunta de Goberno Local. Sesión ordinaria do 10 de xullo de 2025. Convocatoria.	276/2025	09-07-2025
2025/G003/000281	EXPEDIENTE 2025/S003/000018. Solicitude renovación de praza no Punto de atención á Infancia (PAI).	277/2025	10-07-2025
2025/G003/000283	EXPEDIENTE 2025/S003/000020. Solicitude renovación de praza no Punto de atención á Infancia (PAI).	278/2025	11-07-2025
2025/G003/000284	EXPEDIENTE 2025/I002/000014. Limpeza de fincas para prevención de incendios forestais no núcleo urbano de Fonte Díaz. Referencia Catastral 001200400NH54F0001DY.	279/2025	11-07-2025
2025/G003/000285	EXPEDIENTE 2024/C003/000017. "Pista de pádel en Fonte Díaz". ASUNTO: Resolución recurso de reposición Recurso de reposición presentado contra a Resolución de Alcaldía nº 184/2025 pola que se denega a solicitude de prórroga do prazo de execución da obra "Pista de Pádel en Fonte Díaz".	280/2025	11-07-2025
2025/G003/000286	EXPEDIENTE 2025/I002/000008. Reposición legalidade urbanística de elementos colocados no dominio público no Lg. Merés, Turces. Ref. Catastral: 15086E503004740001UP.	281/2025	11-07-2025
2025/G003/000287	EXPEDIENTE 2025/I002/000015. Expediente de ruína construcción existente no núcleo urbano de Fonte Díaz. Referencia Catastral 001200400NH54F0001DY.	282/2025	14-07-2025
2025/G003/000288	EXPEDIENTE 2025/V006/000012. Solicitude tarxeta estacionamento para persoas con discapacidade.	283/2025	14-07-2025

CVD: 0PdohHQt7Ssg29X1yT5a Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

2025/G003/000289	EXPEDIENTE 2025/X006/000061. Nomeamento accidental secretario-interventor	284/2025	15-07-2025
2025/G003/000290	EXPEDIENTE 2025/V006/000013. Solicitude tarxeta estacionamento para persoas con discapacidade.	285/2025	16-07-2025
2025/G003/000292	EXPEDIENTE 2025/G003/000292. Pagamento IRPF 2ºT-2025.	286/2025	21-07-2025
2025/G003/000291	2025/G003/000291. Cristina Andújar Garrido. Recoñecemento de produtividade (mes de xullo 2025)	287/2025	21-07-2025
2025/G003/000294	EXPEDIENTE 2025/G003/000294. Decreto quilometraxe e dietas para incluír na nómina do mes de xullo de 2025	288/2025	22-07-2025
2025/G003/000293	2025/G003/000293. Horas extraordinarias para incluír na nómina do mes de xullo de 2025	289/2025	22-07-2025
2025/G003/000295	EXPEDIENTE 2025/G003/000295. Delegación das funcións da alcaldía dende o 28 de xullo ó 10 de agosto de 2025, ambos os dous incluídos.	290/2025	23-07-2025
2025/G003/000296	EXPEDIENTE 2025/E001/000006. Proceso de selección para a contratación de tres peóns forestais encargados/as do manexo e actuación do vehículo motobomba (VMB) ao abeiro do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Rural e o concello de Touro para prevención e defensa contra os incendios forestais durante o ano 2025. Formalización contrato.	291/2025	24-07-2025
2025/G003/000297	EXPEDIENTE: 2025/X006/000052. Aprobación dos recibos e importes definitivos correspondentes ao Padrón da taxa de recollida domiciliaria de lixo ano 2025	292/2025	24-07-2025
2025/G003/000301	EXPEDIENTE 2025/S002/000069. Alta Servizo Axuda no Fogar por dependencia	293/2025	24-07-2025
2025/G003/000299	EXPEDIENTE 2025/G006/000188. Aprobación nóminas xullo 2024 e atrasos 0.5 ex.2024.	294/2025	29-07-2025
2025/G003/000298	EXPEDIENTE 2025/S002/000067. Modificación Servizo Axuda no Fogar	295/2025	29-07-2025
2025/G003/000300	EXPEDIENTE 2025/S002/000068. Baixa Servizo Axuda no Fogar libre concorrencia.	296/2025	29-07-2025
2025/G003/000303	EXPEDIENTE 2025/S003/000021. Concesión de praza no Punto de atención á Infancia (PAI).	297/2025	30-07-2025
2025/G003/000305	EXPEDIENTE 2025/S003/000021. Concesión de praza no Punto de atención á Infancia (PAI).	298/2025	31-07-2025
2025/G003/000304	EXPEDIENTE 2025/G003/000304. Liquidación ingreso actuación bombeiros.	299/2025	31-07-2025
2025/G003/000307	EXPEDIENTE 2025/T002/000014. Modificación de créditos: xeración de créditos por ingresos. Subvención de Auga de Galicia para a mellora da dixitalización na rede de abastecemento.	300/2025	04-08-2025
2025/G003/000306	EXPEDIENTE 2025/C0003/000008. "Reforma e adecuación de local para de centro de formación". Adxudicación do contrato.	301/2025	04-08-2025
2025/G003/000310	EXPEDIENTE 2025/G003/000310. Copago usuarios SAF xullo.	302/2025	07-08-2025
2025/G003/000309	EXPEDIENTE 2025/S003/000023. Concesión de praza no Punto de atención á Infancia (PAI).	303/2025	07-08-2025
2025/G003/000308	EXPEDIENTE 2025/X006/000061. Nomeamento accidental secretario-interventor.	304/2025	07-08-2025
2025/G003/000311	EXPEDIENTE 2025/G007/000009. Xunta de Goberno Local. Sesión ordinaria do 11 de agosto de 2025	305/2025	08-08-2025
2025/G003/000312	EXPEDIENTE 2025/I003/000001. Imposición penalidades incumprimento do contrato "Pista de Pádel en Fonte Díaz", incluída no POS + 2024 (Achega provincial 2024). Incoación expediente.	306/2025	11-08-2025
2025/G003/000313	EXPEDIENTE 2025/X999/000061. Folga Servizo de Axuda no Fogar 13 de agosto de 2025: Comunicación servizos mínimos.	307/2025	11-08-2025

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 0PdohHQt7Ssg29X1yT5a Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

2025/G003/000314	EXPEDIENTE 2024/Q002/000002. Recurso Contencioso Administrativo nº 1 A Coruña – Procedemento ordinario 0000099/2024 fronte a expulsión e celebración plenaria celebrada o 9 de novembro de 2023 interposto por D. Jesús José Reboredo González. Interposición recurso de apelación.	308/2025	11-08-2025
2025/G003/000315	EXPEDIENTE 2025/C002/000012. Contrato menor de obra Pista Rozas – Angumil. Aprobación expediente de contratación.	309/2025	12-08-2025
2025/G003/000317	EXPEDIENTE 2025/S002/000071. Solicitude de suspensión de servizo de axuda no fogar.	310/2025	21-08-2025
2025/G003/000316	EXPEDIENTE 2025/S002/000070. Solicitude de baixa do PAR DE SAF de dependencia sen asignación de horas de SAF.	311/2025	21-08-2025
2025/G003/000318	EXPEDIENTE 2025/S002/000072. Baixa Servizo Axuda no Fogar	312/2025	21-08-2025
2025/G003/000321	EXPEDIENTE 2025/G003/000321. Decreto quilometraxe e dietas para incluír na nómina do mes de agosto de 2025	313/2025	26-08-2025
2025/G003/000320	2025/G003/000293. Horas extraordinarias para incluír na nómina do mes de x agosto de 2025	314/2025	26-08-2025
2025/G003/000324	EXPEDIENTE 2025/C005/000003. Contrato de subministro para a Implantación dun punto limpo móbil para o Concello de Touro. Resolución adxudicación do contrato.	315/2025	27-08-2025
2025/G003/000323	EXPEDIENTE 2025/A002/000002. Axudas de carácter económico destinadas ao gasto de material e equipamento para o curso académico 2025-26 ás familias vulnerables. Ampliación prazo presentación de solicitudes	316/2025	27-08-2025
2025/G003/000327	EXPEDIENTE 2025/X999/000062. Aprobación nóminas agosto 2025.	317/2025	28-08-2025
2025/G003/000325	EXPEDIENTE 2025/T002/000015. Modificación de créditos: xeración de créditos por ingresos. Subvención de Augas de Galicia para execución de actuacións para reducir as infiltracións nas redes de saneamento municipais en concellos da Comunidade Autónoma de Galicia.	318/2025	28-08-2025
2025/G003/000319	EXPEDIENTE 2025/S002/000073. Solicitude de baixa do PAR DE SAF de dependencia sen asignación de horas de SAF.	319/2025	28-08-2025
2025/G003/000326	EXPEDIENTE 2025/G003/000326. Decreto en relación ao procedemento ordinario 0000247/2021 do Xulgado do Social nº 1 de Santiago de Compostela, sentenza 00250/2025, demandados Fundación refuxio de animais de Bando	320/2025	28-08-2025
2025/G003/000329	EXPEDIENTE 2025/T002/000016. Modificación de créditos: xeración de créditos por ingresos. Subvención para o apoio, promoción e difusión das festas declaradas de interese turístico de Galicia.	321/2025	29-08-2025
2025/G003/000330	EXPEDIENTE 2025/C002/0000013. Contrato menor escola de ingles curso escolar 2025-2026. Decreto aprobación expediente de contratación.	322/2025	29-08-2025
2025/G003/000328	EXPEDIENTE 2025/G003/000328 Liquidación cotización seguros sociais retribucións vacacións	323/2025	29-08-2025
2025/G003/000331	EXPEDIENTE 2025/G003/000331. Nomeamento Tenentes Alcaldes.	324/2025	01-09-2025
2025/G003/000332	EXPEDIENTE 2025/G003/000332. Áreas de goberno e concellerías delegadas.	325/2025	01-09-2025
2025/G003/000333	EXPEDIENTE 2025/G003/000333. Nomeamento membros Xunta de Goberno Local.	326/2025	01-09-2025
2025/G003/000334	EXPEDIENTE 2025/G003/000334. Delegación de competencias da Alcaldía na Xunta de Goberno Local.	327/2025	01-09-2025
2025/G003/000322	EXPEDIENTE 2025/G003/000322. Cristina Andújar Garrido. Recoñecemento de produtividade (mes de agosto 2025)	328/2025	01-09-2025
2025/G003/000335	EXPEDIENTE 2025/G010/000012. Pleno do Concello. Sesión extraordinaria do 4 de setembro de 2025. Convocatoria.	329/2025	01-09-2025
2025/G003/000336	EXPEDIENTE 2025/A008/000039. Solicitude de axudas para o funcionamento e a gratuidade de atención educativa de escolas infantís 0-3 e Puntos de Atención á Infancia de titularidade municipal, curso 2025/26.	330/2025	02-09-2025
2025/G003/000337	EXPEDIENTE 2025/I003/000001. Imposición penalidades incumprimento do contrato "Pista de Pádel en Fonte Díaz", incluída no POS + 2024 (Achega provincial 2024).	331/2025	03-09-2025

CVD: 0PdohHQt7Ssg29X1yT5a Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

2025/G003/000338	EXPEDIENTE 2025/E005/000009. Modificación xornada laboral auxiliar apoio Punto Atención á Infancia.	332/2025	04-09-2025
2025/G003/000339	EXPEDIENTE 2025/G012/000005. Comisión informativa de asuntos xerais. Sesión extraordinaria urxente do 8 de setembro de 2025. Convocatoria.	333/2025	04-09-2025
2025/G003/000340	EXPEDIENTE 2025/X999/000061. Folga SAF. Servizos mínimos folga SAF setembro 2025	334/2025	04-09-2025
2025/G003/000342	EXPEDIENTE 2025/S001/000003. Solicitude do Programa Xantar na Casa.	335/2025	05-09-2025
2025/G003/000341	EXPEDIENTE 2025/G003/000341. Copago usuarios SAF agosto.	336/2025	05-09-2025

O Pleno dase por enterado.

5 EXPEDIENTE 2024/Q002/000002. PROCEDEMENTO ORDINARIO 99/2024. RECURSO FRONTE Á DESESTIMACIÓN POR SILENCIO DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POLA EXPULSIÓN E CELEBRACIÓN PLENARIA CELEBRADA O 9 DE NOVEMBRO DE 2023. DACIÓN DE CONTA SENTENCIA 00127/2025 DO XULGADO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 1 DE A CORUÑA.

O Sr. alcalde fai lectura do fallo da Sentenza 00127/2025 do Xulgado Contencioso Administrativo nº 1 de A Coruña, relativa a expulsión deste portavoz da sesión plenaria do día 9 de novembro, xa o mencionamos no Pleno de moción de censura pero imos cumprir co requisito legal de dar conta da Sentenza.

Que estimo el recurso contencioso administrativo interpuesto por la procuradora Dª Irene Cabrera Rodríguez, en nombre y representación de D. JESÚS JOSÉ REBOREDO GONZÁLEZ frente a la desestimación por silencio del recurso de reposición interpuesto por el demandante frente a su expulsión y celebración plenaria celebrada el 9 de noviembre de 2023; revocando la resolución recurrida, declarando la nulidad radical de la orden de expulsión del demandante de la sesión plenaria celebrada en el concello de Touro el día 9 de noviembre de 2023, así como la nulidad radical de los acuerdos adoptados en dicha sesión plenaria. Se condena laAdministración a retrotraer dicha sesión al momento oportuno para proceder a nueva votación de los asuntos del orden del día que correspondan, con participación del concejal recurrente.
Todo ello, con imposición de costas a la Administración hasta un límite máximo de 700 euros en cuanto a los gastos de defensa del demandante.

6 MOCIÓNS.

6.1. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA A DEFENSA DO SISTEMA PÚBLICO DE ATENCIÓN Á DEPENDENCIA E A MELLORA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF).

O voceiro do Grupo Municipal do BNG, Sr. Xoan Louzao, procedeu a exposición, explicación e defensa da seguinte Moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sistema público de atención á dependencia en Galiza está a sufrir un preocupante proceso de deterioro, como vén denunciando insistentemente o BNG no Parlamento galego. Lonxe de garantir os dereitos das persoas dependentes, a política da Xunta de Galiza —baixo o Goberno do Partido Popular— está centrada nun modelo asistencialista e privatizador que empobrece o servizo público e devolve os coidados ao ámbito doméstico, recaendo maioritariamente sobre as mulleres.

Na actualidade, máis de 2.000 persoas en Galiza agardan pola valoración da dependencia, duplicando o tempo que marca a propia Lei de Dependencia. A media de espera sitúase nos 361 días, o que fai de Galiza a cuarta comunidade co maior atraso para acceder ás prestacións.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 0PdohHQt7Ssg29X1yT5a Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

Ademais, Galiza é o territorio que menos inviste por persoa dependente: 1.317 euros ao ano, fronte aos case 2.000 da media estatal e moi lonxe dos 2.900 euros que inviste o Goberno vasco. Este infra-investimento tradúcese en recortes de servizos esenciais, substituídos por axudas precarias que non garanten o dereito das persoas maiores e dependentes. No primeiro semestre de 2025, o Servizo de Axuda no Fogar (SAF) perdeu 1.026 persoas usuarias, e os centros de día, case 3.000. Mentres, as axudas asistencialistas incrementáronse en máis de 6.000, cunhas cantidades que non superan os 400 euros mensuais, menos da metade do Salario Mínimo Interprofesional.

O recorte orzamentario destinado ao SAF é especialmente grave. Só nos últimos dous meses, a Xunta retirou 17 millóns de euros deste servizo: 12 millóns en xuño e 5 en maio. O SAF está ao bordo do colapso por falta de financiamento, como veñen denunciando os concellos, a FEGAMP e o propio BNG.

No pasado mes de xuño, no Pleno do Parlamento, o Partido Popular votou en contra da proposta do BNG para elevar o financiamento do SAF até os 20 euros por hora, unha medida fundamental non só para garantir unha atención digna ás persoas usuarias e unhas condicións laborais xustas para as traballadoras, senón tamén para aliviar a carga económica que os concellos están a asumir por unha competencia que lles é impropia e que a Xunta non financia de maneira responsábel nin suficiente. Sirva como exemplo que o custo anual da prestación para o noso concello (758.585,55€) representa máis do 23% do orzamento municipal.

É necesario que a Xunta pase "das palabras bonitas" á posta en marcha de medidas concretas para blindar o Servizo de Axuda no Fogar e mellorar as condicións laborais das súas traballadoras, protexéndoas fronte a situacións de acoso e agresión como a sufrida por Teresa de Jesús, a muller asasinada este verán no Porriño que puxo de manifesto, da maneira "máis dura e cruel posible", o que as traballadoras do SAF veñen denunciando desde hai anos como é a necesidade de realizar cambios normativos para mellorar as condicións laborais destas mulleres, sen que até o de agora o Goberno do PP non fixese máis que "mirar para outro lado" sen lles prestar a atención necesaria.

Ante esta situación, é imprescindíbel que o Pleno desta Corporación se posicione en defensa do sistema público de atención á dependencia e esixa á Xunta de Galiza un cambio radical nas súas políticas.

É por todo o exposto con anterioridade, polo que o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción dos seguintes

ACORDOS

1. Instar á Xunta de Galiza a reverter de maneira inmediata os recortes no orzamento do Servizo de Axuda no Fogar (SAF), garantindo un financiamento suficiente para cubrir as necesidades das persoas usuarias e mellorar as condicións laborais das traballadoras, elevando o financiamento por hora até os 20 euros.

2. Demandar á Xunta de Galiza, en colaboración coa FEGAMP e a representación social das traballadoras, a elaboración dun protocolo de prevención e intervención en casos de agresión no domicilio, violencia machista ou discriminación. Estes protocolos teñen que contemplar as actuacións legais oportunas que permitan adoptar con seguridade xurídica medidas de suspensión temporal ou total do servizo nos casos de agresión, violencia machista ou discriminación, entre outros.

3. Esixir á Xunta de Galiza a redución dos tempos de espera para a valoración e acceso ás prestacións de dependencia, garantindo o cumprimento dos prazos legais.

4. Manifestar o compromiso do concello de Touro coa defensa do sistema público de atención á dependencia como piar fundamental do estado do benestar e dereito esencial da cidadanía.

5. Dar traslado deste acordo á Consellería de Política Social da Xunta de Galiza, aos grupos parlamentarios do Parlamento galego e á FEGAMP.

INTERVENCIÓNS

Tanto o Movemento Veciñal, coma o PG di que están a favor.

O alcalde di que están a favor da Moción presentada, sobre todo a favor da parte dispositiva e coa expositiva tamén, todos sabemos que morre xente esperando polo recoñecemento de dependencia, temos exemplos aquí; tamén nos parece ben a reclamación da suba do prezo da hora que financia a Xunta a vinte euros, xa nos dariamos cun canto nos dentes se subisen a quince euros, por intentalo que non sexa. O que si desvincularía un pouquiño as melloras laborais e salariais das traballadores

CVD: 0PdohHQt7Ssg29X1yT5a Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

do feito de que se incremente ou non a achega da Xunta por hora de dependencia, estaría bo, pero temos que poñer en valor o esforzo do Concello na adxudicación do servizo e hoxe en día as traballadoras do SAF de Touro están cobrando un 4 % por encima do Convenio, gracias aos acordos adoptados aquí por iniciativa dos grupos que apoiamos a Moción e o BNG, demostrouse que se pode conseguir se hai vontade política. Efectivamente os costes do servizo para o Concello son de setecentos e pico mil euros e realmente a aportación dos recursos propios está entorno aos trescentos mil euros, consideramos que vale a pena, poderiamos decir que é unha competencia impropia que lle corresponde ao Estado e a Xunta, pero hai que prestar o servizo e atender a veciñanza.

O voceiro do BNG, Sr. Louzao di que o de desvincular as melloras laborais e salariais das traballadores do que é o financiamento, non é unha relación directa, pero si indirecta, porque canto mellor financiado estea o servizo, tanto as empresas como as traballadoras terían mellores condicións.

O Sr. alcalde di que está totalmente de acordo.

VOTACIÓNS

Procédese a votación da Moxión, resultando aprobada pola unanimidade dos once Concelleiros que conforman a Corporación (5 PP, 3 pMVdeT, 1 PG, 1 BNG e o Concelleiro non adscrito).

O Sr. alcalde di que se vai votar a urxencia dunha Moción que trouxo o portavoz do BNG, xa no momento en que tiñamos asinado o decreto de convocatoria e tiñamos o compromiso de incluíla na sesión de hoxe, relativa a Mina. A urxencia foi aprobada pola unanimidade dos once Concelleiros que conforman a Corporación.

6.2. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG CONTRA A REAPERTURA DA MINA DE TOURO-O PINO

INTERVENCIÓNS

O voceiro do Grupo Municipal do BNG, Sr. Xoan Louzao, procedeu a exposición, explicación e defensa da seguinte Moción:

Despois de que no pasado mes de novembro do 2024 se dera a coñecer que se retomaba o proxecto de reapertura da mina de cobre por parte da promotora Cobre San Rafael, e se comprobase durante a exposición pública do proxecto que este era substancialmente o mesmo que o presentado no ano 2017 que xa fora obxecto dunha DIA negativa.

Despois de que o pleno desta corporación, ante varias mocións presentadas polo BNG, se manifestara ao respecto rexeitando a reapertura da mesma polos enormes efectos negativos que esta causaría.

Dado que o pasado mes de agosto se aprobou a moción de censura que provocou un cambio de alcalde e de goberno municipal, consideramos que é necesario voltar a reiterar a oposición da corporación municipal a este proxecto e por isto e polo que o grupo municipal do BNG propón ao pleno a adopción do seguinte

ACORDO

1. O concello de Touro manifesta a súa oposición ao proxecto presentado por Cobre San Rafael para a reapertura da mina de cobre nos concellos de Touro e O Pino.

O Sr. Louzao, voceiro do BNG di que no que se coñece do acordo do novo goberno onde leu que di que non manifestan o apoio ao novo proxecto mineiro, polo que se eu non estou a favor de algo, estou en contra, poñerse de perfil neste asunto non o acabo de entender, incluso o alcalde nunha entrevista dixo que ía cumprir co pactado sobre a mina. Un dos argumentos que se utilizou sempre para estar a favor da reapertura da mina era a cuestión económica e a creación de postos de traballo,

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 0PdohHQt7Ssg29X1yT5a Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

xa temos dito moitas veces que o problema de Touro non é a falta de traballo senón a falta de poboación, pero hai un feito obxectivo que é o seguinte no curso 2023/24 a Xunta creou un ciclo medio dual de FP de escavacións e sondaxes, a petición da Asociación Galega de Áridos, supoño que detrás estarían as empresas mineiras, está ben, neste curso 2025/26 vai ser o último ano que vai a haber ese ciclo, desaparece porque non hai alumnado, este ano en primeiro ningún e en segundo dúas persoas, iso da a idea do interese que hai por traballar nas minas, polo que o que propoñemos é simple que o Concello de Touro manifesta a súa oposición ao proxecto presentado por Cobre San Rafael para a reapertura da mina de cobre nos concellos de Touro e O Pino.

O voceiro de Movemento Veciñal, Sr. Roberto Castro di que están de acordo coa moción, mantemos o posicionamento que tiñamos cando estabamos na oposición e que tivemos no goberno e atendendo ás responsabilidades do goberno nese momento, por Decreto de Alcaldía de xaneiro de 2025 deuse resposta, presentáronse alegacións en prazo e forma ao proxecto da Mina, sintetizados nun informe de 105 páxinas e redactado polos técnicos dunha empresa capacitada e con experiencia nestas cuestións como é TYSGAL pido que se incorpore a síntese do decreto á acta deste punto do pleno como intervención, ese Decreto di literalmente e é o posicionamento do representante do Concello nese procedemento di o seguinte:

O Concello de Touro, como administración pública afectada, mediante o presente e en virtude dos aspectos recollidos no Informe Técnico que se adxunta, fai constar o seu rexeitamento ao proxecto Cobre San Rafael emprazado nos concellos de Touro, O Pino e Arzúa (A Coruña) e Vila de Cruces (Pontevedra); promovido pola sociedade Cobre San Rafael, S.L.

O informe técnico elaborado trala análise da documentación achegada pon de manifesto a incompatibilidade do proxecto Cobre San Rafael cos valores ambientais, paisaxísticos e socioeconómicos da área afectada; así como as deficiencias da documentación presentada pola promotora. Ademais, a posta en marcha do proxecto non resolverá os problemas de contaminación derivados da antiga mina e da recente actividade relativa aos tecnosolos.

Derivado isto dese informe técnico, e para sintetizar, se resolve*:*

PRIMEIRO. Que se dean por presentadas as alegacións ao acordo do 14 de novembro de 2024 do Departamento Territorial da Consellería de Economía e Industria da Coruña polo que se somete a información pública o Proxecto Cobre San Rafael, nos concellos de Touro, O Pino e Arzúa (A Coruña) e Vila de Cruces (Pontevedra), promovido pola sociedade Cobre San Rafael SL.

SEGUNDO. No caso de que o proxecto sexa admitido a trámite polo órgano ambiental, o Concello de Touro solicita a emisión dunha Declaración de Impacto Ambiental desfavorable e a retirada definitiva do proxecto Cobre San Rafael

TERCEIRO. O Concello de Touro insta á administración autonómica a esixir aos titulares da concesión mineira a completa restauración dos terreos degradados, así como a resolver a contaminación das augas. Estas obrigas, asumidas pola empresa no momento de adquisición dos terreos e dereitos da concesión mineira, deben cumprise de forma rigorosa para garantir a recuperación ambiental e a protección dos recursos naturais da zona.

Repito, isto non é un posicionamento político, senón que é o posicionamento do concello como institución, como administración afectada no procedemento en trámite de Cobre San Rafael.

O voceiro do PG, Jesús Martínez Pereira di que se vai abster.

O Sr. alcalde, di que nos temos clara a intencionalidade desta Moción, non imos entrar no debate de razóns a favor e en contra, estamos neste goberno gracias a uns compromisos adquiridos nun pacto de goberno co Concelleiro Darío Rey, entre eses compromisos está que vai presidir a Comisión de Medio Ambiente creada, vai ter as delegacións das competencias da alcaldía nesa materia. Nos non propoñemos a modificación de ningúns dos acordos adoptados polo Concello ata aquí, non retiramos nada, non modificamos os acordos anteriores, polo tanto esta moción está como mínimo fora de tempo entón como a competencia non é nosa, é da Xunta. Nos como goberno actual en relación co tema mina, hai o que se coñece como pasivos da antiga mina, a problemática polas actividades que se realizan nos terreos da mina e que nada teñen que ver coa minería e está a problemática do futuro proxecto de reactivación da mina. A nosa posición política como goberno municipal, ímonos a limitar á defensa dos intereses dos veciños, xa sei que podemos entrar en matices, en discusións. A competencia témola delegada no Concelleiro Darío Rey que se vai encargar das propostas, das iniciativas que se leven a cabo e aproveito para anunciarlles que a próxima semana convocarase Comisión de Medio Ambiente, será o momento propicio para que todos os grupos presentemos iniciativas, propostas a levar a cabo, e pediría que se nos xulgue polas obras que teñamos, non se

CVD: 0PdohHQt7Ssg29X1yT5a Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

nos xulgue polas intencións, esperar un pouquiño para ver que propoñemos, que aprobamos, se cumprimos, se non cumprimos.

O voceiro do BNG, Sr. Louzao di cando vostede di que sabe moi ben cal é a intención da Moción, está é clara que o Concello se sega manifestando en contra da mina, a partir de aí son interpretacións, e gustaríame saber e aos veciños e veciñas cal é a posición do novo goberno.

Respecto da competencia ou non competencia, competencia última tena a Xunta, pero a mina está en Touro. Un Concello, un alcalde, unha corporación municipal ten capacidade para presionar, para darlle visibilidade. Creo que esta moción ben moi a conto, na proposta da Moción de Censura un dos puntos importantes era este, creo que é bastante lóxico traelo no primeiro pleno para ver a posición, no hai máis, non hai intencións espúreas po detrás.

O Concelleiro non adscrito Darío Rey di que falen os feitos, primeiro o próximo venres haberá Comisión, segundo personación que ten carácter inmediato a través do Concelleiro de Medio Ambiente e vaino facer en todas as causas xudiciais, terceiro o Concello vai seguir manifestando en contra da mina en actos administrativos, xurídicos e cales fagan falla, remítome a o BNG que traslade a Comisión o que considere e remítome tamén a que falen os feitos, máis alá de debates eu penso que que falen os feitos vai ser o que provoque que imos estar defendendo os intereses dos veciños, que veciños, a competencia de Medio Ambiente recae na miña persoa, naqueles que saen prexudicados, por trasladalo a outro conflito se no imos a Israel e Palestina, aínda que sexamos da ONU, a quen temos que protexer é a Palestina porque Israel non está sendo moi atacada, entón vexamos con feitos e con apoio xurídico e técnico persoarase nos procedementos xudiciais en canto os medios o permitan, na próxima comisión do venres podedes trasladar as propostas.

VOTACIÓNS

Procédese a votación da Moción, resultando aprobada por cinco votos a favor (3 pMVdeT, o Concelleiro do BNG e o concelleiro non adscrito e seis abstencións (5 PP e o Concelleiro do PG), sendo once o número legal de membros da Corporación.

7 ROGOS E PREGUNTAS.

O alcalde di que o van facer de maior a menor e imos tratar de dar resposta as preguntas na orde que se nos formulen, xa sabemos que o ideal sería coñecelas con antelación e sabemos das dificultades que ten iso ás veces e as respostas estarán un pouquiño condicionadas pola información que teñamos neste momento sobre as preguntas que se formulen, no caso de que nos respondamos hoxe farémolo por escrito e daremos conta no seguinte Pleno.

O voceiro de MVXT, Sr. Castro Rocamonde, sobre o pleno de organización, cando estabamos no goberno recibimos petición dos distintos grupos da creación da Xunta de Portavoces, non se plantexou agora co novo goberno, por se ten algunha explicación.

O sr. alcalde di que non no lo plantexamos, como non existía, pero podemos estudalo se pode ser operativo, e pregunta ao secretario-interventor se fai falla regulamento orgánico para a súa creación.

O secretario-interventor di que non o sabe, que tería que estudalo.

O voceiro do BNG pregunta:

1.- Se o goberno ten constancia de queixas na prestación do servizo do SAF no mes de agosto.

O Sr. alcalde resposta que máis que de falla de persoal, dos cambios de persoas que prestan o servizo, supoño que motivado polos temas de escaseza de persoal.

2.- Canto foi exactamente a cantidade de auga que se trouxo no mes de agosto.

Con precisión non cho podo dar, 57.000,00 € a 400 € máis IVE a cisterna, pero podo darche traslado exactamente.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 0PdohHQt7Ssg29X1yT5a Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

O voceiro do BNG roga que se faga público o acordo de goberno da Moción de Censura.

O Sr. alcalde di que non hai ningún problema en publicalo porque xa o teñen os medios de comunicación.

Non habendo máis asuntos que tratar levante a sesión por orde da Presidencia sendo as 22.10 horas do 11 de setembro de 2025.

Como secretario-interventor dou fe e estendo esta acta.

Concello de Touro, na data da sinatura dixital

José López González, secretario-interventor

Jesús José Reboredo González, alcalde-presidente

CVD: 0PdohHQt7Ssg29X1yT5a Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/